


# TUTORIAL PARA GRAVAR NO CABINA TÉCNICA DO AUDITORIO ANDRÉS GAOS



# 1. PERFÍS DE USUARIO

**No ordenador da cabina de gravación do auditorio existen catro perfís dispoñibles para a gravación:**

- **GRAB. MULTICÁMARA (sen contrasinal)**
- **GRAB. 1 CÁMARA (sen contrasinal)**
- **PROF. MULTICÁMARA (require contrasinal)**
- **PROFESOR 1 CÁMARA (require contrasinal)**

**Todos os perfís presentan un escritorio similar.**

## 2. ACENDIDO E COMPROBACIÓN DO SISTEMA DE AUDIO


Antes de iniciar a gravación, é imprescindible configurar correctamente o sistema de audio:

- **Acender a interface de audio Scarlett 18i20, o botón de acendido atópase na parte dereita.**
- **Ao acendela, o indicador POWER iluminarase en verde.**
- **Comprobar a conexión dos micrófonos, deberán estar nos inputs 1 e 2 e deben estar conectados na parte frontal.**



# 2. ACENDIDO E COMPROBACIÓN DO SISTEMA DE AUDIO

- **Activar a alimentación phantom (48V)**
- **Debe estar activada para as entradas 1-4.**
- **Esta alimentación é necesaria para o funcionamento dos micrófonos de condensador.**
- **Axustar os niveis de entrada, pódese facer:**
  - **Directamente na interface (mediante os controis rotatorios), ou no programa OBS (unha vez aberto), na fonte Scarlett 18i20.**



## 2. ACENDIDO E COMPROBACIÓN DO SISTEMA DE AUDIO

Se, despois de seguir os pasos anteriores, o sistema de amplificación aínda non funciona, haberá que revisar as conexións dos cables situadas nos laterais do auditorio.

As conexións deben estar tal e como se mostra na seguinte imaxe, sendo especialmente importante verificar os cables das entradas femia 1 e 2, é dicir, os situados na parte dereita da petaca.



# 3. CONTROLADOR DE CÁMARAS TENVEO

- O controlador TENVEO atópase á esquerda do teclado.
- Non é necesario acendelo nin modificalo se a disposición das cámaras é correcta.
- **Acendido: premer o botón POWER na parte traseira.**



# 3. CONTROLADOR DE CÁMARAS TENVEO

- **Funcións principais**

- **Zoom:** parte inferior esquerda ou na rosca do joystick
- **Axustes automáticos (por defecto):**
- **Balance de brancos (AWB) → en verde**
- **Exposición automática (AUTO EXP) → en verde**
- **! Se se modifican estes parámetros, deben restablecerse ao estado inicial ao rematar a sesión.**



# 3. CONTROLADOR DE CÁMARAS TENVEO

## Control de cámaras

- Actualmente hai 3 cámaras:
- CAM1 → situada no público, preto da pecera
- CAM2 e CAM3 → situadas no escenario, unha en cada lateral
- Funcionamento:
- Seleccionar a cámara (iluminarase en verde)
- Controlar co joystick:
- Movemento: arriba, abaixo, esquerda, dereita
- Zoom: rosca central



# 3. CONTROLADOR DE CÁMARAS TENVEO

## Enfoque

- Por defecto: **AUTO FOCUS** (activado cando está iluminado en verde)
- En modo manual:
  - **NEAR** → enfocar preto
  - **FAR** → enfocar lonxe



# 3. INICIO DO PROGRAMA DE GRAVACIÓN

**Acceder ao perfil correspondente.**

- **Abrir o programa OBS.**




# 4. TIPOS DE VISUALIZACIÓN


- **Segundo o perfil seleccionado no acceso, aparecerá unha destas dúas opcións:**
- **Gravación cunha cámara**
- **Gravación multicámara (tres cámaras)**

# 4. TIPOS DE VISUALIZACIÓN

- **Gravación cunha cámara (parte dereita inferior)**




- **Gravación multicámara (tres cámaras parte dereita inferior)**



# 5. COMPROBACIÓN PREVIA E INICIO DA GRAVACIÓN

Antes de comezar a gravar, é fundamental:

- Verificar que a imaxe se visualiza correctamente.
- Comprobar o nivel de audio no medidor:
- Debe moverse de forma estable.
- Evitar que chegue á zona de saturación (vermello).
- Unha vez comprobado todo:
- Premer no botón “Iniciar gravación”.




# 6. FINALIZACIÓN DA GRAVACIÓN

Para deter a gravación:

- Premer no botón “Deter gravación”.

⚠ **Importante:** Sempre se debe realizar unha pequena proba previa para asegurar o correcto funcionamento de todo o sistema. ⚠



# 7. ARQUIVOS XERADOS

**Nos perfís de unha cámara → xérase un único arquivo de vídeo.**

**Nos perfís de multicámara → xéranse catro arquivos:**

- **Un por cada cámara**
- **Un arquivo combinado coas tres tomas simultáneas**

**As gravacións gardaranse no escritorio:**

- **Gravación dunha cámara → carpeta Vídeos**
- **Gravación multicámara → carpetas no escritorio:**
  - **Cámara central**
  - **Cámara dereita**
  - **Cámara esquerda**
  - **Multicámara**

# 8. ENVÍO DAS GRAVACIÓNS

**Para enviar os arquivos:**

- 1. Abrir Google Chrome desde o escritorio.**
- 2. Acceder automaticamente á páxina de TransferNow coa conta do conservatorio.**
- 3. Arrastrar os arquivos á xanela.**
- 4. Completar o envío co correo electrónico desexado.**

